



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 17/11/2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14:09 horas do día 17 de novembro de 2017 a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D. Jesús Miguel Prado Cea, D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria-Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

Aberto o acto pola presidencia, tratáronse, de conformidade coa orde do día, os seguintes asuntos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas da sesións seguintes: ordinaria do Pleno celebrado o día 12 de setembro de 2017 e extraordinaria do Pleno celebrado o día 14 de novembro de 2017.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar as actas da sesións seguintes: ordinaria do Pleno celebrado o día 12 de setembro de 2017 e extraordinaria do Pleno celebrado o día 14 de novembro de 2017.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 2017-SUPLE-02

O Alcalde- Presidente da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<< Considerando que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de Anulacións ou Baixas de Créditos doutras Aplicacións, por importe de 23.200,00 euros, por todo iso faise precisa a concesión dun suplemento de crédito financiado con aqueles recursos.

As razóns son as expresadas na Memoria da Alcaldía que forma parte deste expediente:

Nas partidas seguintes prodúcese unha minoración por non ter previsto o gasto total inicial:

943.46200: Partida non executada na súa totalidade debido a que o Obradoiro de Emprego Ordes- Frades só terá imputados ao exercicio 2017 un mes, e na previsión inicial estaban previstos 9 meses.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

135.46200: Partida destinada ao Convenio de Protección Civil co Concello de Ordes da que solo se prevé gastar para este exercicio o correspondente ao Seguro do Vehículo de Protección Civil.

920.22604: Partida destinada a xurídicos e contenciosos dos que non se prevé máis gasto para o exercicio 2017.

920.625: Partida destinada a mobiliario do que non se prevé máis gasto para o exercicio 2017.

920.22309: Partida destinada a transportes do que non se prevé máis gasto para o exercicio 2017.

231.48000: Partida destinada a asistencia social primaria, da que unha vez atendidas tódolas solicitudes de emerxencia social non se prevé necesario todo o importe do orzamento inicial.

Considerando que con data 13-11-2017 emitíuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que con data 13-11-2017 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Considerando que con data 13-11-2017 se emitiu Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e que na mesma data emitíuse Informe de Intervención.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2017-SUPLE-02 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, como segue a continuación:

1º SUPLEMENTOS EN APLICACIÓNS DE GASTOS:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
326	21000	Servizos complementarios, infraestructuras e bens naturais	28.220,00	15.000,00	43.220,00
171	21000	Parques e xardíns. Infraestructura e bens naturais	15.000,00	4.000,00	19.000,00
920	35900	Administración xeral. Outros gastos financeiros	1.000,00	500,00	1.500,00
453	21000	Carreteras. Infraestructuras e bens naturais	105.890,13	3.700,00	109.590,13
		TOTAL	150.110,13	23.200,00	193.310,13



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

--	--	--	--	--	--

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións nos seguintes termos:

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
943	46200	Transf. a EE.LL territor A Concellos	42.000,00	9.000,00	33.000,00
135	46200	Protección Civil. Transf. A Concellos	2.000,00	1.000,00	1.000,00
920	22604	Administración xeral. Xurídicos contenciosos	8.100,00	7.000,00	1.100,00
920	625	Mobiliario	2.500,00	1.200,00	1.300,00
920	22309	Administración xeral. Transportes	3.000,00	1.000,00	2.000,00
231	48000	Asistencia social primaria. A familias e institucións sen fins de lucro	8.000,00	4.000,00	4.000,00
		TOTAL	85.600,00	23.200,00	62.400,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no caso do suplemento de crédito no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. >>

Vista a Proposta da Alcaldía e de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno,



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

acordou con oito votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal de BNG, por maioría absoluta aprobar a proposta da alcaldía nos seus mesmos termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión sendo as 14:30 h, de todo o cal, eu, a secretaria dou fe.

O Alcalde- Presidente,

A Secretaria

Roberto Rey Martínez

Carmen Gómez Otero